



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 31 de xullo de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 31 de xullo de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24/07/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/3480

Vista a proposta do Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **CONSTRUCCIONES METALICAS CUEVAS, S.L.**, para o subministro dunha fiestra para reposición no colexio de Vilar-Bamio, por un importe total de 978,74€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3481

Vista a proposta da encargada do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **CLB HIGIENE (Juan José Canto Bua)** para o subministro de 15 sacos de lixo indal, por un importe total de 998,25€ (IVE incluído), con cargo á partida 171-22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.



PRP2017/3484

Dáse conta do escrito presentado por **Naïke Errani**, solicitando autorización para realizar un espectáculo de circo (sen animais), os días 5 e 6 de agosto na Praza da II República.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/3485

Dáse conta do escrito presentado por **Confederación Galega de Persoas con Discapacidade**, solicitando autorización para realizar una actividade de xogos na Praia da Concha, o día 6 de setembro.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- De cara ó tráfico informase de xeito favorable por tratarse de zona peonil. A zona axardinada está dentro dos terreos de titularidade portuaria, polo que deberán pedir autorización ó titular dos terreos.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que, si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Considerase que a actividade deberá contar cun seguro de responsabilidade civil que poida cubrir calquera dano derivado a mesma cunha cobertura mínima de 300.000€.
- Durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilizará da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá terse en conta que a instalación non deberá impedir o uso de mobiliario urbano nin o paso de peóns.

PRP2017/3489

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Antonio Capelo García (COENEF)** para realización



dos traballos da auditoría enerxética do alumeadado público exterior nun prazo de 12 meses, por un importe total de 10.375,75€ (IVE incluído), con cargo á partida 920-22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/3490

Visto o escrito remitido por D. Victor Ferreiro Fariña, e/n **Club de Pesca Deportiva Nordés (NordEspaña)**, solicitando autorización para realización dun Open de pesca a flote na zona da desembocadura do río Ulla ata Bamio e autorización do uso da rampa de acceso a auga da praia de Bamio, o día 17 de setembro de 2017 e vista a resolución da Fundación de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que previa a aprobación deberá presentar todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da citada actividade.

PRP2017/3565

Visto o escrito de Luciano García Gómez presidente da **Comunidad de Montes Vecinal en Mano Común de Bamio**, a Xunta de Goberno Local acorda aceptar as cesións de diversos terreos realizadas por dita comunidade de Montes para diferentes usos.

PRP2017/3566

Vista a proposta do Director da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira **Dona Luz M^a Abalo Pérez**, para compra de marcos para as augatintas que complementan a mostra “Scenes at Arosa Bay”, por importe de 475,00€ con cargo á partida 334-22631.

ASUNTOS DE RECURSOS HUMANOS

PRP2017/3491

Vista a proposta do Concelleiro de Servizos e Relacións Veciñais, en relación coa necesidade de contratar dous operarios da Bolsa de Emprego de Operarios de Xardíns, para a limpeza da maleza do rural entorno as vivendas entre outros traballos por prevencións de risco de incendio.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o nomeamento de dous operarios xardineiros como funcionario/a interino/a a tempo completo a través da bolsa constituída ao efecto, cunha duración de dous meses, por acumulación de tarefas no Servizo Municipal de Medio Ambiente.

ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2017/3606

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do convenio para a concesión dunha subvención a **Fundación Asilo Hospitalillo Residencia Divina Pastora**, por importe de



3.000,00 € para o suministro de gastos de alimentación, limpeza e hixiene, con cargo á partida orzamentaria 231.489.

Emprego

PRP2017/3515

Dáse conta da Orde do 11 de xullo de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia durante os anos 2017 e 2018.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude á Consellería de Traballo do Programa Integrado para o emprego PAE17 "Programa de apoio ao Emprego Concello de Vilagarcía 2017", cunha subvención máxima de 204.000,00 €.

A cofinanciación económica do Concello establécese en 15.000,00€ para o ano 2018, con cargo á partida 241-22799.

PRP2017/3517

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2017, presentada por **Fundación Amigos de Galicia**.

Visto o informe emitido pola ADL (Mar Caramés) e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/3518

Dáse conta da proposta da directora da Biblioteca Municipal de modificación de orzamento para compra de materiais bibliográficos e audiovisuais aprobado pola X.G.L. de 12 de xuño de 2017 de Espacio do Lector, S.L., debido a que existen tres obras que figuran como descatalogadas. A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a modificación do orzamento pasando de 2.504,65 a 2.444,97€, reintegrándose o sobrante ao proxecto de gastos do concello co seguinte código 2017-3-CRRTE-25.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/3522

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente e os orzamentos presentados, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Multiservicios Contucho, S.L.** a retirada e xestión dos residuos acumulados na nave de obras de Trabanca Badiña, así como pedra acumulada no aparcadoiro de As Pistas, por un importe total de 3.850,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 453-22799.



ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/3524

Dáse conta do convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e Gadisa Retail, S.L.U., que ten por obxecto financiar a actividade programada durante as Festas de San Roque 2017 (Combate Naval), cunha axuda económica de 4.000,00 €, comprometéndose o Concello á inserción publicitaria de Gadisa no programa das Festas e bandeirolas publicitarias dos Concertos.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio de colaboración.

PRP2017/3525

Dáse conta de proposta da Concellería de Cultura de aprobación do orzamento correspondente ás actividades programadas nas **Festas de San Roque 2017**, por un importe total de 258.310,97€.

Dáse conta dos informes da Intervención Municipal e da Secretaría Xeral.

A Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento previsto para as actividades programadas nas Festas de San Roque 2017, por un importe total de 258.310,97€, con cargo á partida 338.22699.
- Aprobar unha provisión de fondos a xustificar, polo importe de 197.146,61€, a favor de Dona Luz María Abalo Pérez.

E sen máis asuntos que tratar, ás levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.